

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 14 de xuño de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

20.30422.- REPARTO DE AXUDAS Á CONFRARÍAS DE PESCADORES
FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE
MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA
INVESTIMENTOS DURANTE O EXERCICIO 2021
(Expte.2021008106)

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 26 de marzo de 2021, número de acordo 2.30106, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 66 do 9 de abril de 2021.

A base reguladora décimo segunda indica, en relación a instrución do procedemento, que correspóndelle á xefa do Servizo de Medio Ambiente, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Asemade, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe da fiscalización do servizo de intervención.

Unha vez finalizado o prazo o día 7 de maio, e de acordo con estas bases, formuláronse vinte e unha solicitudes.

Examinadas e valoradas a totalidade das solicitudes, compróbase que todas cumpren cos requisitos esixidos para ser beneficiarios das citadas axudas, salvo a Confraría San Martiño do Grove que ten pendentes varias autorizacións e licencias imprescindibles para acometer as accións subvencionables, polo que, deberá aportalas no momento ou antes da xustificación, quedando condicionado o pago da subvención a previa presentación das autorizacións legalmente establecidas.

Vistos os informes emitidos, en relación o reparto das axudas, pola xefa do Servizo de Medio Ambiente do 28/05/2021, de Intervención do 28/05/2021, e a restante documentación que figura no expediente.

Considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas a *Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de Mariscadoras do ano 2021*, por importe total de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €) con cargo á aplicación 21/410.4150.789.02 do vixente Orzamento Provincial. Dita cantidade resulta da relación que se achega na proposta de acordo con CSV: COLHWUY7V8WJTCEZ que se aproba no presente acto.

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.

Asinado dixitalmente na data que figura á marxe.

Contra este acordo que pon fin á vía administrativa poderá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou, no prazo de un mes a partir do día seguinte ó desta notificación (*artigos 112 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas*), ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, e todo iso no prazo establecido no artigo 46 da citada Lei.

Todo iso sen prexuízo de que poida utilizar calquera outro recurso que estime conveniente.



Denominación: **INVERSIÓN PARA CONFRARÍAS DE PESCADORAS E PESCADORES, E AGRUPACIONES DE MARISCADORAS**

Referencia: **MN_B/21**

Relación: **RELAC/2021000038 DE DATA 27/05/2021**

Importe relación: **250.000,00 €**

Importe concedido: **250.000,00 €**

Expedientes relación: **21**

Finanzamento:

Aplicación	Descripción	Importe
21/410.4150.789.02	TRANSFERENCIAS A CONFRARÍAS E OUTRAS	250.000,00 €



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:COLHWUY7V8WJTCEZ

CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA)					
(1) G36618510 COFRADIA DE PESCADORES LA ANUNCIADA BAIONA 2021024650 - INCREMENTOS PARA MELLORA DE SERVIZOS VILIXANCIA, LONXA, E OUTROS	9.494,95 €	9.494,95 €	7.595,96 €	55,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL BAIONA (1)			7.595,96 €		
CONCELLO DE BUEU (PONTEVEDRA)					
(2) G36013712 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIÑO 2021024613 - INCREMENTOS VARIOS PARA MELLORAR OS SERVIZOS PRESTADOS	3.671,20 €	3.671,20 €	2.936,96 €	30,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL BUEU (1)			2.936,96 €		
CONCELLO DE CAMBADOS (PONTEVEDRA)					
(3) G36012847 COFRADIA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS 2021024126 - ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS VARIOS	22.301,66 €	17.841,33 €	15.712,36 €	60,00	70,45 % Concurrencia competitiva
TOTAL CAMBADOS (1)			15.712,36 €		
CONCELLO DE CANGAS (PONTEVEDRA)					
(4) G36014389 COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS 2021024591 - INCREMENTOS VARIOS EN COMERCIALIZACIÓN, VIXILANCIA E MELLORA DE SERVIZOS	16.830,22 €	13.464,17 €	11.784,27 €	45,00	70,02 % Concurrencia competitiva
(5) G36007714 COFRADIA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN HIO 2021023776 - ADQUISICIÓN DE MATERIAL DE LONXA E DE COMERCIALIZACIÓN	11.763,73 €	11.763,73 €	9.410,98 €	40,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL CANGAS (2)			21.195,25 €		
CONCELLO DE GROVE, O (PONTEVEDRA)					
(6) G36014744 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE 2021023305 - COLOCACIÓN DE ESTRUCTURA METÁLICA DESMONTABLE, PINTURA EXTERIOR E OUTRAS ADQUISICIÓN	33.610,14 €	26.888,11 €	18.331,08 €	70,00	54,54 % Concurrencia competitiva
TOTAL GROVE, O (1)			18.331,08 €		
CONCELLO DE GUARDA, A (PONTEVEDRA)					
(7) G36014173 COFRADIA DE PESCADORES SANTA TECLA 2021024947 - ADQUISICIÓN DE VEHICULO E MATERIAL INFORMÁTICO	13.776,20 €	11.020,96 €	11.020,96 €	45,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL GUARDA, A (1)			11.020,96 €		



CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE ILLA DE AROUSA, A (PONTEVEDRA)					
(8) G36014124 COFRADIA DE PESCADORES SAN XULIAN ILLA DE AROUSA 2021021818 - ADQUISICIÓN DE CALLETILLA ELEVADORA	25.950,00 €	20.760,00 €	15.712,36 €	60,00	60,55 % Concurrencia competitiva
TOTAL ILLA DE AROUSA, A (1)			15.712,36 €		
CONCELLO DE MOAÑA (PONTEVEDRA)					
(9) G36015212 COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE MOAÑA 2021020383 - ADQUISICION DE MATERIAL DE VIXILANCIA, EQUIPOS INFORMATICOS, E OUTROS	16.279,48 €	13.023,58 €	13.023,58 €	65,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL MOAÑA (1)			13.023,58 €		
CONCELLO DE POIO (PONTEVEDRA)					
(10) G36020261 COFRADIA DE PESCADORES SAN GREGORIO DE RAXO 2021020101 - DOTACION DE EQUIPAMENTO INFORMatico, MOBILIARIO OFICINA E UNIFORMES GARDAPESCA MARITIMO.	3.127,94 €	3.027,84 €	2.502,35 €	70,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL POIO (1)			2.502,35 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(11) V36016962 COFRADIA DE PESCADORES SAN TELMO DE PONTEVEDRA 2021024668 - INVERSIÓN EN CUBERTA DA FINCA DE LOURIDO E OUTRAS	20.888,53 €	16.710,83 €	15.712,36 €	60,00	75,22 % Concurrencia competitiva
(12) G36015253 COFRADIA PESCADORES S ANDRES LOURIZAN 2021025005 - ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTOS VARIOS	24.319,86 €	19.455,89 €	18.331,08 €	70,00	75,37 % Concurrencia competitiva
TOTAL PONTEVEDRA (2)			34.043,44 €		
CONCELLO DE REDONDELA (PONTEVEDRA)					
(13) F36010916 COFRADIA DE PESCADORES SAN JUAN 2021025350 - INVERSIÓN EN CETÁREA, MATERIAL DE VIXILANCIA E OUTRAS	27.353,92 €	21.883,13 €	19.640,42 €	75,00	71,80 % Concurrencia competitiva
TOTAL REDONDELA (1)			19.640,42 €		
CONCELLO DE SANXENXO (PONTEVEDRA)					
(14) G36012839 COFRADIA DE PESCADORES SAN ROQUE DE PORTONOVO 2021024039 - ADQUISICIÓN VARIAS E SISTEMA DE VIXILANCIA	5.180,24 €	5.180,24 €	4.144,19 €	25,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL SANXENXO (1)			4.144,19 €		



CIF / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPOSTO	PUNTOS	CONCESIÓN
CONCELLO DE SOUTOMAIOR (PONTEVEDRA)					
(15) G36012821 COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL CARMEN 2021024048 - ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO DA LONXA E MATERIAL DE VIXILANCIA	15.636,06 €	12.508,85 €	12.508,85 €	55,00	80,00 % Concurrencia competitiva
(16) V36621282 FEDERACION PROVINCIAL DE COFRADIAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA 2021024706 - XORNADAS FORMATIVAS TRAMITACIÓNS ELECTRÓNICAS SECTOR PESQUEIRO E ADQUISICIÓN PC PORTÁTIL	13.884,75 €	11.107,80 €	11.107,80 €	60,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL SOUTOMAIOR (2)			23.616,65 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(17) G36619252 COFRADIA DE PESCADORES SAN FRANCISCO DE VIGO 2021024553 - MANTEMENTO MARIÑA DEPORTIVA E MATERIAL DE OFICINA	15.991,23 €	12.792,98 €	7.856,18 €	30,00	49,13 % Concurrencia competitiva
TOTAL VIGO (1)			7.856,18 €		
CONCELLO DE VILABOA (PONTEVEDRA)					
(18) G36293272 CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA 2021023724 - ADQISICIÓNS VARIAS PARA MELLORA DOS SERVICIOS PRESTADOS	19.074,26 €	19.074,26 €	15.259,41 €	60,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILABOA (1)			15.259,41 €		
CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
(19) G36012813 COFRADIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL 2021024861 - REFORMA DE ADAPTACIÓN PARA MONTACARGAS DE 1.000 KG NO EDIFICIO DA LONXA	38.568,19 €	38.568,19 €	11.784,27 €	45,00	30,55 % Concurrencia competitiva
(20) G36012854 COFRADIA DE PESCADORES VIRGEN DEL ROSARIO VILAXOAN 2021022624 - MANTEMENTO LOCAL CONFRARÍA E EQUIPAMENTO INFORMÁTICO	18.120,00 €	14.496,00 €	11.784,27 €	45,00	65,03 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILAGARCÍA DE AROUSA (2)			23.568,54 €		
CONCELLO DE VILANOVA DE AROUSA (PONTEVEDRA)					
(21) G36013597 COFRADIA DE PESCADORES LA PASTORIZA 2021024855 - ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO, EQUIPAMENTOS E OUTRAS MELLORAS	17.300,39 €	13.840,31 €	13.840,31 €	65,00	80,00 % Concurrencia competitiva
TOTAL VILANOVA DE AROUSA (1)			13.840,31 €		

Pontevedra, 27 de maio de 2021

O/A Xefe/a do Servizo

